Informe de acción de coordinación da titulación de mestrado universitario en oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO 2024-2025

Índice

I. Información xeral 2

II. Coordinación 2

III. Accións de coordinación 2

IV. Conclusións 6

V. Anexos 6

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Mestrado universitario en oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias do Mar
Curso	2024-25

II. COORDINACIÓN

Coordinador da titulación	Miguel Ángel Nombela
Reunión	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Accións de coordinación

Como en cursos anteriores, mantivéronse as accións de coordinación, mantendo e reforzando as actividades xa desenvolvidas durante os cursos anteriores, así como favorecendo a resolución de aspectos xurdidos do día a día. Dende a coordinación do mestrado mantívose un contacto constante cos coordinadores da outras sedes (UCA e ULPGC), cos coordinadores de materias na UVIGO, co equipo decanal, coa comisión de calidade e cos/cas estudantes.

3.1. Reunións de coordinación entre sedes e da CAM

Ao longo deste ano, por motivos de eficacia e para evitar desprazamentos de membros da comisión académica do campus de Ourense a maior parte das reunións tiveron lugar de maneira virtual asíncrona ou síncrona. O coordinador do mestrado participou sempre nas reunións de coordinación entre sedes. O seguimento e comunicación foi continua cos coordinadores de materia e o estudantado para detectar e resolver todas as pequenas incidencias que ían aparecendo, fundamentalmente relacionadas cos horarios e coa materia do TFM.

A continuación indícanse as reunións realizadas.

<u>Reunións de coordinación entre sedes</u>

Mantívose un contacto continuo entre a coordinación das tres sedes a través de intercambio de e-mails. Neste curso académico so se mantivo unha reunión síncrona entre as sedes, por non detectarse ningún tema de especial relevancia que requirise máis reunións síncronas durante o curso. A continuación se resumen os temas tratados na reunión síncrona e a través dos e-mails.

Reunión síncrona do 18 de outubro de 2024

Dadas as dificultades que estamos a ter nas tres sedes para a financiación da actividade conxunta do campamento na provincia de Almería, dentro da materia "Procesos xeolóxicos en cuencas e márxenes continentáis", por non estar dita actividade incluída na memoria do título, acórdase suxerir ás CAMs das tres sedes que inclúan na próxima memoria de verificación do título, esta actividade de xeito explícito.

Finalmente, aproveitamos a reunión para compartir o número de matriculados e a previsión do alumnado de mobilidade entre sedes para o curso 24/25.

E-mails entre Outubro de 2024 e Xullo de 2025

Entre os temas tratados pola coordinación das tres sedes a través dos e-mails destacan as seguintes:

-En outubro de 2024, chegamos a través do e-mail a un consenso para adscribir o máster a o ámbito de "Ciencias da Terra".
-EN diciembre de 2024 notificáronse os estudantes de mobilidade entre sedes para o curso 24/25.
-En maio de 2025 intercambiamos e-mails para aclarar detalles sobre as videoconferencias e datas do campamento de Almería para o curso 25-26.
-Entre xaneiro e xullo de 2025 intercambiamos e-mails co fin de trasladar as notas dos estudantes de mobilidade ás sedes de matrícula para completar os expedientes.

Reunións da comisión académica do mestrado (CAM) da UVIGO

Mantívose una comunicación continua entre os membros da CAM para resolver os diferentes asuntos ordinarios de funcionamento do mestrado. Ademais, leváronse a cabo dúas reunións virtuais síncronas (25 de novembro de 2024 e 19 de maio de 2025) e tres reunións asíncronas por correo electrónico (24 de setembro de 2024, 30 de outubro de 2024, 27 de febreiro de 2025, 8 de maio de 2025, 26 de xuño de 2025 e 11 de xullo de 2025). A continuación detállanse os asuntos aprobados cronolóxicamente:

- Solicitude de Matrícula a tempo parcial de Miguel García Coya
- Aprobación, da oferta de liñas de TFM para o curso 24/25.
- Aprobación da modificación no sustancial do Título para a adscripción do Master en Oceanografía á rama de coñecemento de "Ciencias da Terra"
- Aprobación PDA do curso 2025/26.
- Aprobación do número de estudiantes para o curso curso 25/26.
- Aprobación da asignación de TFMs ó estudiantado para o curso 24/25.
- Informe do coordinador
- Modificación do POD do curso 2025/26.
- Aprobación dos horarios do curso 25/26.
- Aprobación do calendario de exámenes do curso 25/26.
- Aprobación do calendario de solicitude, entrega e defensa de TFMs do curso 25/26.

- Aprobación de cambios no POD nas materias Paleoclimatoloxía e Paleoceanografía; e Cambio Global e Ecosistemas Mariños.
- Admisión de estudantes estranxeiros de fora do Espacio Europeo de Educación Superior.
- Aprobación do nomeamento da profesora Sandra Martínez Garcia como Coordinadora do Máster a partires do 1 de septiembre.
- Aprobación dos tribunais de TFM para el curso 25/26.
- Aprobación das guías docentes do master para el curso 25/26.
- Aprobación da solicitude de defensa en liña do TFM da estudiante Gracia Castillo Escrivá, por motivos laborais.
- Aprobación da admisión de estudiantes do primeiro plazo de matrícula.

3.2. Outras accións de coordinación

En canto ao estudantado, o coordinador do mestrado, que actúa como coordinador do PAT para o mestrado, mantivo titorías a petición destes e intercambio de e-mails cos estudantes, para explicar asuntos relacionados coas axudas para a realización de tese de doutoramento e para explicar aspectos importantes relacionados con TFM (formato, avaliación e procedementos administrativos

Así mesmo o coordinador mantivo informado a través do e-mail a todo o profesorado dos asuntos de trámite relevantes do mestrado (elaboración de guías docentes, horarios, trámites do TFM, trámites de dietas e gastos de desprazamento intercampus, etc.).

Finalmente o coordinador do mestrado mantivo varias reunións virtuais asíncronas a través do e-mail cos coordinadores de materias do mestrado para a organización docente, incluída a elaboración dos horarios e as guías docentes.

IV. CONCLUSIÓNS

A. Preinscrición e admisión

Das 20 prazas ofertadas cubríronse 4 de novo ingreso, representando un 20% da oferta, onde un deles matriculouse a tempo parcial. Ademais contamos con 1 estudante de mobilidade procedente da Universidade das Palmas de Gran Canaria que cursou a especialidade de Océano e Clima impartida na UVigo. As taxas de transición específica e total de grado-mestrado son dun 2,78% e 8,33%, respectivamente, e a taxa de captación e dun 0,06%.

B. Tipo de estudantado e nota media de acceso

As titulacións de acceso, igual que en cursos anteriores, seguen a ser bastante variadas (Táboa 1). Un 25% dos/as estudantes procede de Ciencias do Mar. Igual que no curso pasado, a maioría dos/das restantes

proceden do grao de Ciencias Ambientais. Descende polo tanto a porcentaxe de estudantes procedentes do grado en CC do Mar (un 55% no curso 23/24). A nota media de acceso foi variable oscilando entre 5, 5 e 8,2 (Táboa 1). A nota media máxima e o promedio global foron menores que no curso precedente.

Táboa 1. Modalidade e titulación de acceso de los estudantes del mestrado en el curso 2024-25 (nd: non dispoñíbel).

Modalidade de ingreso	Titulación	Homes	Mulleres	Total	Nota de acceso
Curso 24-25					
Títulos de grao	Graduado en arquitectura de interiores	0	1	**1**	5,5
	Graduado en Ciencias Ambientales	1	1	**2**	7,4
	Graduado en Ciencias do Mar	1	0	**1**	6,3
	TOTAL	**2**	**2**	**4**	6,6

C. INDICADORES globais e por materias

A taxa de graduación da cohorte no curso 24-25 é dun 67%, xa que dous dos tres alumnas/os matriculados a tempo completo presentaron o seu TFM na convocatoria de xullo. Este valor está por debaixo do obxectivo (90% na memoria verificada). A taxa de eficiencia no curso 24-25 é de 95%. A taxa de rendemento é dun 80% e a taxa de avaliación dun 82% mentras que a taxa de exito é dun 90%. A taxa de abandono foi do 0% no curso 24-25.

No que se refire as cualificacións por materia (Táboa 2) as taxas de rendemento e avaliación (excluindo o Traballo de Fin de Mestrado) oscilan entre o 50% e o 100% en todas as materias, sendo as taxas de avaliación e de rendemento do Traballo Fin de Mestrado (TFM) do 33%. Cabe mencionar que a baixa taxa de rendemento do TFM é debida, a dous estúdiantes que no defenderon o traballo por razóns personais. Polo tanto cabería resaltar que as taxas do TFM seguen manténdose elevadas, gracias ao esforzo realizado na mellor planificación horaria e ao axuste da dedicación do estudante a outras materias, que lles permite planificar mellor o desenvolvemento do TFM. No caso das taxas de éxito son do 100% en todas as materiasagás Paleoclimatoloxía e Paleoceanografía cun 67%.

No que se refire as cualificacións (Táboa 3) entran dentro da variabilidade normal de calquera poboación de alumnado, cunha porcentaxe elevada de cualificacións altas (47% de sobresaíntes ou matrículas de honra). As materia Deseño e Realización de Campañas Oceanográficas e modelos Climáticos destaca cun

100% de sobresaíntes neste curso. De forma similar a cursos pasados, as outras materias con maior número de cualificacións altas son Reactividade Química no Océano, Procesos Xeolóxicos no Océano, e o TFM. As cualificacións más baixas danse nos complementos formativos Oceanografía Química, Oceanografía Biolóxica y Oceanografía Xeolóxica (ningún sobresaínte ou MH).

Táboa 2. Taxas de avaliación, éxito e rendemento por materia no curso 24-25.

Plan Estudio			Asignatura		Curso Academico	Género	Créditos Mat. Asignatura S/N Reconocida = N	Créditos Mat. Asignatura S/N Presentado = S	Créditos Mat. Asignatura S/N Superada = S	T. Éxito	T. Evaluación	T. Rendimiento
Máster Universitario en Oceanografía	10383	4315102	Procesos Físicos en el Océano	27112	2024/25	H	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
						M	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
			Oceanografía de Ecosistemas	27113	2024/25	H	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
						M	10,00	5,00	5,00	100%	50%	50%
			Reactivad Química en el Océano	27114	2024/25	H	5,00	5,00	5,00	100%	100%	100%
						M	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
			Procesos Geológicos en Márgenes y Cuencas Oceánicas	27115	2024/25	H	5,00				0%	0%
						M	10,00				0%	0%
			Modelos Climáticos	27120	2024/25	H	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
						M	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
			Paleoclimatología y Paleoceanografía	27121	2024/25	H	5,00	5,00	5,00	100%	100%	100%
						M	10,00	10,00	5,00	50%	100%	50%
			Interacción Atmosfera-Océano	27122	2024/25	H	5,00	5,00	5,00	100%	100%	100%
						M	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
			Cambio Global e Ecosistemas Marinos	27123	2024/25	H	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
						M	10,00	5,00	5,00	100%	50%	50%
			Diseño y Realización de Campañas Oceanográficas	27128	2024/25	H	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
						M	10,00	10,00	10,00	100%	100%	100%
			CF Oceanografía Física	27129	2024/25	H	3,00	3,00	3,00	100%	100%	100%
						M	6,00	3,00	3,00	100%	50%	50%
			CF Oceanografía Química	27130	2024/25	H	3,00	3,00	3,00	100%	100%	100%
						M	6,00	6,00	6,00	100%	100%	100%
			CF Oceanografía Biológica	27131	2024/25	M	3,00	3,00	3,00	100%	100%	100%
			CF Oceanografía Geológica	27132	2024/25	M	3,00	3,00	3,00	100%	100%	100%
			Trabajo fin de Máster	28262	2024/25	H	30,00	15,00	15,00	100%	50%	50%
						M	45,00	15,00	15,00	100%	33%	33%
Total							259,00	186,00	181,00	2350%	2133%	2083%

Táboa 3. Distribución das cualificacións por materia no curso 24-25.

Plan Estudio	Asignatura		Curso Academico	Calificación	No Presentado	Suspenso	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de honor
				Género	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas
Máster Universitario en Oceanografía	Procesos Físicos en el Océano	27112	2024/25	H					2	
				M			1		1	
				Total			**1**		**3**	
	Oceanografía de Ecosistemas	27113	2024/25	H				2		
				M	1					1
				Total	**1**			**2**		**1**
	Reactivad Química en el Océano	27114	2024/25	H					1	
				M			1		1	
				Total			**1**		**2**	
	Procesos Geológicos en Márgenes y Cuencas Oceánicas	27115	2024/25	H					1	
				M	1				1	
				Total	**1**				**2**	
	Modelos Climáticos	27120	2024/25	H					2	
				M			1			1
				Total			**1**		**2**	**1**
	Paleoclimatología y Paleoceanografía	27121	2024/25	H				1		
				M		1			1	
				Total		**1**		**1**	**1**	
	Interacción Atmosfera-Océano	27122	2024/25	H					1	
				M			1			1
				Total			**1**		**1**	**1**
	Cambio Global e Ecosistemas Marinos	27123	2024/25	H				2		
				M	1					1
				Total	**1**			**2**		**1**
	Diseño y Realización de Campañas Oceanográficas	27128	2024/25	H					2	
				M					2	
				Total					**4**	

Táboa 3 (cont). Distribución das cualificacións por materia no curso 24-25.

Plan Estudio	Asignatura		Curso Academico	Calificación	No Presentado	Suspenso	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de honor
				Género	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas	Nº de actas
	CF Oceanografía Física	27129	2024/25	H					1	
				M		1			1	
				Total		1			2	
	CF Oceanografía Química	27130	2024/25	H				1		
				M			1	1		
				Total			1	2		
	CF Oceanografía Biológica	27131	2024/25	M			1			
				Total			1			
	CF Oceanografía Geológica	27132	2024/25	M				1		
				Total				1		
	Trabajo fin de Máster	28262	2024/25	H	1			1		
				M	2					1
				Total	3			1		1

A continuación, detállase o listado de TFM, coa cualificación obtida no curso 24-25.

TFM	APELLIDOS, NOMBRE	TÍTULO DE TFM	CALIFICACIÓN
1	Gracia Castillo Escrivá	Influencia das Depuradoras de Augas Residuais na Liberación de Plásticos á Ría de Vigo	Sobresaliente 9,0
2	Daniel González Antúnez	Transporte de microorganismos asociados á descarga de augas subterráneas continentais na Ría de Vigo	Notable 8,0

D. Mobilidade

No que respecta a mobilidade do estudantado no curso 2024-25, unha alumna matriculada na ULPGC cursou a especialidade na UVIGO.

Neste curso ningún estudante solicitou unha axuda ERASMUS+ para realizar prácticas no estranxeiro a pesares do traballo de promoción realizada por parte da coordinación, incluído una charla da vicedecana

de mobilidade no día da xornada de acollida, así como a canalización de información ao alumnado a través do espazo de coordinación da plataforma Moovi.

E. Conclusións

En conclusión, a coordinación do mestrado ten mellorado moito dende a súa implantación, particularmente no referido a coordinación entre sedes e a coordinación entre o profesorado e o alumnado. Considérase de gran utilizade o espazo de coordinación na plataforma mooovi de teledocencia. Non destaca ningún tema relevante de coordinación entre sedes.

En canto aos resultados considéranse satisfactorios tanto no que se refire a taxas de çexito, de avaliación, e de rendemento. A taxa de graduación foi do 67%, pero débese, a que un estudante non pudo terminar por motivos persoais. Así mesmo, considérase que as cualificacións obtidas polo alumno foron moi boas, cun un 47% por enriba do sobresaínte. No TFM a porcentaxe de notas altas ascende a un 100%, moi superior ao dato do curso anterior (73%).

Como punto débil, so se conseguiron cubrir un 20% das prazas (significativamente inferior á cifra de anos anteriores). Nese sentido tratarase de reforzar a promoción dos estudos a través de diversas canles (web, anuncios nas facultades, redes sociais, etc.). Por outra banda a taxa de transición grado-mestrado segue sendo baixa. Neste sentido tratarase de intensificar a promoción dos estudios entre o alumnado de Ciencias do Mar da facultade.

Vigo, 21 de novembro de 2025

NOMBELA CASTAÑO MIGUEL ANGEL - 03810334Q

Firmado digitalmente por NOMBELA CASTAÑO MIGUEL ANGEL - 03810334Q
Fecha: 2025.11.24 10:45:31 +01'00'

Miguel Ángel Nombela